



REGULAMENTO

I CARREIRA POPULAR PEDESTRE CONCELLO DE LAXE

1- Organización

A I Carreira Popular Pedestre Concello de Laxe está organizada polo Concello de Laxe e contará co control técnico da Federación Galega de Atletismo, delegación da Coruña.

Esta proba deportiva ten un carácter aberto e popular, na que poderán participar calquera atleta, federado ou non, tendo en conta as categorías establecidas.

O obxectivo é organizar a carreira popular como unha actividade deportiva e social que fomente a participación cidadá, a vida saudable e a dinamización do municipio, promovendo ao mesmo tempo valores como a convivencia, o esforzo, a solidariedade e o respecto á contorna.

2-Data e lugar.

Data: Domingo, 6 de xullo a partir das 10:30h.

Lugar: Praza dos Voluntarios (Laxe).

3-Horarios, categorías establecidas e límite de inscrición:

CATEGORÍAS	IDADE	DISTANCIAS	HORARIO
Pitufos	Nados/as 2018-2022	100m	12:45H
Sub 10	Nados/as 2016-2017	1.000m	12:30H
Sub 12	Nados/as 2015-2014	1.000m	12:20H
Sub 14	Nados/as 2013-2012	2.000m	12:00H
Sub 16	Nados/as 2011-2010	2.000m	
Sub 18	Nados/as 2009-2008	2.000m	
ABSOLUTA			
Sub 20	Nados/as 2007-2006	5km (unha volta) 10km (dúas voltas)	10:30H 10:40H
Sub 23	Nados/as 2005-2004		
Sénior	Nados/as 1991-2002		
Máster 1	Nados/as 1985-1990		
Máster 2	Nados/as 1975-1984		
Máster 3	Nados/as 1965-1974		
Máster 4	Nados/as antes do 1965		

O conxunto das probas estará limitado a 500 atletas.

4-Itinerario, imaxe do percorrido e perfil.

ITINERARIO PROBA ABSOLUTA

A proba absoluta terá dous posibles distancias a elixir previamente, 10 ou 5km. Os percorridos transcorrerán por vías urbanas de asfalto e paseo marítimo tendo como punta de saída e chegada a praza dos Voluntarios.



A saída e chegada estará pegada a praza dos Voluntarios.

- A hora de saída será ás 10:30h. para a 5K e de 10:40h para a 10K (dúas voltas ao percorrido).
- Peche da meta ás 12:00h.

ITINERARIO PROBA MENORES

O percorrido para os/as menores será de ida e volta polo paseo marítimo adaptando as distancias a cada categoría e no caso dos pitufos o traxecto será dirección única, cara a praza dos voluntarios.

5-Lugar e prazo de inscrición

As inscricións formalizaranse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com ata o mércores, 2 de xullo ás 23:59h.

Cotas de inscrición:

- A inscrición para as carreiras 10K e 5K terá un custo de 3€.
- A inscrición dos corredores das categorías de base será gratuita.

Inscribirse supón, por parte do/a participante a declaración de que:

- Está en bo estado físico para participar na carreira.
- Autoriza e acepta a publicación dos seus datos e fotografías nos medios de comunicación, internet, etc., para a promoción desta actividade por parte da organización e da Federación Galega de Atletismo. Calquera persoa inscrita poderá prohibir o uso da súa imaxe, previa solicitude expresa por escrito.

6-Retirada de dorsais.

As/os atletas participantes levarán un chip que controle o tempo invertido na carreira. A retirada destes chips e dos dorsais farase ese mesmo día na secretaría que estará situada na praza dos Voluntarios (Laxe). Será a partir das 9:00h e permanecerá aberta ata 30 minutos antes do inicio de cada carreira.

O atleta que non porte o dorsal poderá ser descualificado se así o estima a dirección de carreira.

Os chips son persoais e intransferibles polo que a suplantación da personalidade dos atletas, sancionarase coa expulsión da carreira do portador e do/a atleta suplantado, anulando todos os dereitos adquiridos coa inscrición.

Calquera atleta con circunstancias médicas a ter en conta (alerxia, atencións especiais...) deberá facelo constar no momento de recollelo dorsal e levarao anotado no reverso do dorsal durante a proba.

7- Normativa xeral e de seguridade.

7.1.- A carreira rexeráse pola **regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes e a lei 10/2017 , de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia).

7.2.- Cada proba estará subscrita ao seguro de responsabilidade civil da Federación Galega de Atletismo. Tamén contará cun seguro de accidentes que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/199.

Quedan excluídos os casos derivados dun padecemento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo. A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

7.3.- Así mesmo a proba contará cun servizo médico-sanitario, que constará dunha ambulancia e un médico no caso que non superen os 750 participantes.

7.4.- A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuna por razóns de seguridade.

7.5.- No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha alerta laranxa a proba será suspendida automaticamente. Buscarase unha data axeitada para desenvolverla.

7.6.- Os atletas que durante o transcurso da proba, circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira, considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.

Pese a que a organización fará o máximo esforzo no control do tráfico rodado, indicamos aos participantes a posibilidade que nalgún punto poidan coincidir cunha circulación mínima de vehículos. Solicitamos que se extreme a atención para mitigar posibles riscos.

7.7.- Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

7.8.- Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícita a aceptación do Regulamento Xeral da proba.



7.9.- O Concello de Laxe habilitará servizo de vestiarios, duchas e gardarroupa no polideportivo municipal.

7.10.- . Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización. Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alieo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

7.11.- Descualificacións:

7.11.1. O servizo médico da competición e o xuíz árbitro da competición, están facultados para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

7.11.2. Todo atleta que non realice o percorrido completo.

7.11.3. O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.

7.11.4. Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir algunha situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e WA en vigor.

7.12. Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consinte expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.

8- Clasificación e trofeos.

- A entrega de medallas-trofeos farase ao remate das carreiras, aproximadamente ás 13:00 h.
- Serán premiados os tres primeiros clasificados en cada categoría diferenciados por xénero, os máis pequenos levarán tamén medallas de participación.
- Agasallo especial para o gañador e gañadora absoluta.
- Haberá trofeo especial ao atleta local de maior idade (masculino e feminino) e tamén para o participante máis maior da carreira.

As reclamacións que haxa ao respecto deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 15 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.